


CESTA PUNTA



Coruñeses e os guipuzcoanos do Gazteku de Andoain, xunto aos árbitros da final.



O presidente da Federación Galega de Pelota, José Fra, o delegado UFEPP e Julen, técnico do CP Coruña.



Leke y Xabier no podio coas súas medallas.

O Club Pelota Coruña conseguiu a Copa de Europa de Clubs por segundo ano consecutivo. Esta vez, na cidade francesa de Mauleón. O club herculino proclamouse campión tras derrotar en semifinais ao Luzaz Gazte, de San Juan de Luz (2-1), e na final o outro club español, o Gazteku de Andoain (tamén 2-1).



Pili Pardo

O Club Pelota Coruña repite título de campión de Europa



Campións e subcampións europeos, o Pelota Coruña e os guipuzcoanos do Gazteku de Andoain, xunto aos directivos representantes.

Esta edición o Club Pelota Coruña disputou a Copa de Europa de Clubs representando a España como campión nacional da División de Honor de Cesta Punta.

A cita foi en Mauleón, localidade de país veciño. En semifinais tivo como rival ao club francés Luzaz Gazte, de San Juan de Luz, pasando os galegos a disputar a final, ao impoñerse por dous xogos a un.

Unha final europea que volvía enfrontar aos protagonistas do Campionato de España: o Gazteku de Andoain e Pelota Coruña e de novo os galegos conseguían o triunfo.

Un triunfo xestado por Xabier e Leke que se impuxeron aos guipuzcoanos nun igualado e disputado encontro que se iniciou cun primeiro xogo favorable aos de Andoain (8-15) mais o segundo foi para os coruñeses (15-13) o que obrigou a xogarse un terceiro disputadísimo punto a punto e rematou nun axustado 10-9 que deu a vitoria á parella herculina e polo tanto proclamarse Campións de Europa por segundo ano consecutivo.